

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Corrección de erros.-Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a súa composición e funcións.*

Advertido erro no decreto antes citado, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 244, do 19 de decembro de 2007, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 19.865, no artigo 6 punto 1, onde di: «Correspóndelle ao Pleno emitir os informes preceptivos previstos nas letras a) e b) do parágrafo segundo do artigo 2.2º, aprobar ...»; debe dicir: «Correspóndelle ao Pleno emitir os informes preceptivos previstos nas letras a) e b) do artigo 2.3º, aprobar ...».

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Resolución do 25 de febreiro de 2008 pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se regulan as axudas para o mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2007.*

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, procédese á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se regulan as axudas para o mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2007.

Finalidade da axuda: as axudas teñen por obxecto o mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais (DOG do 21 de agosto) e no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de aten-

ción á infancia (DOG do 16 de agosto), así como a normativa de desenvolvemento, se for o caso.

Norma reguladora: Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se regulan as axudas para o mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social. (*Diario oficial de Galicia* nº 29, do 9 de febreiro), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2007 (*Diario oficial de Galicia* nº 233, do 3 de decembro).

Crédito orzamentario: 3.276.320,81 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05.20.312B.481.0.

Estas actuacións están cofinanciadas polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

As entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas a cada unha delas expresado en euros recóllense no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2008.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

### ANEXO

Entidade	Escola infantil 0-3 subvencionada	Concello	Importe
Fundación Raiola	Didascalio Niño Jesus	Betanzos	58.026,55
Cong. HH CC San. Vicente de Paúl	Sagrada Familia	Boiro	22.508,14
APA Sagrado Corazón de Jesús	Sagrado Corazón de Jesús	Cariño	27.500,00
Fundación Escuelas Populares Gratuitas	Escuelas Populares Gratuitas	A Coruña	98.500,00
Asociación Monte Balouta	Monte Balouta	Dodro	45.000,00
Asociación Castro de Prismos	Garabatos	Fene	40.000,00
Colexio Jorge Juan Coop.R.Ltda.	Colexio Jorge Juan	Fene	30.000,00
ABC Soc. Cooperativa Galega	ABC	Ferrol	74.901,92
Asociación Barbeito	Colorines	Ferrol	30.000,00
Asociación Educativa Aloha	Aloha	Ferrol	38.207,95
Colexio Belén Cooperativa	Belén	Ferrol	15.825,42
Colexio La Salle	La Salle	Ferrol	58.890,00
Colexio Ludy, Soc. Coop. Galega	Ludy	Ferrol	22.915,31
Escola Infantil Chip-Chop	Chip-Chop	Ferrol	43.928,02
Escola Infantil Loliana Soc.Coop.Galega	Loliana	Narón	42.044,14
Gardería San Rosendo Soc.Coop.Galega	San Rosendo	Ferrol	60.168,87
Os Meniños Soc. Coop. Galega	Os Meniños	Ferrol	55.805,00
Mª. de la O Fernández Martínez	O Princiño	Neda	45.000,00
Rita Iglesias Guerreiro	Patucos	Ortigueira	30.000,00
Mª. Concepción Bravo Pérez	Sabeliña	Ribeira	15.354,45
APA Xardín de Infancia Raiola	Raiola	Santiago de Compostela	64.243,63
APA Xardín de Infancia Santa Marta	Santa Marta	Santiago de Compostela	30.740,17
Centro de Preescolar Rubido Romero	Rubido Romero	Santiago de Compostela	61.048,61
Colexio San Pelayo (MM Benedictinas)	San Pelayo	Santiago de Compostela	12.364,33
Patronato Casa do Neno	Casa do Neno	Santiago de Compostela	82.474,20
Asoc.Psicopedagógica Bugs Bunny	Bugs Bunny	Sarria	31.800,00